

(FCG/af)

**DECRETO:** Ourense, 23 de febreiro de 2016

De conformidade co que dispoñen os artigos 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, 78, 80 e 82 do ROF, do 28 de novembro de 1986 e normas concordantes –e para os efectos do artigo 58 do citado ROF-, convócase sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial.

**DÍA:** venres, 26 de febreiro de 2016.

**HORA:** 10:00 horas en primeira convocatoria\*.

**LUGAR:** Salón de sesións do Pazo Provincial.

\*Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois.

**ORDE DO DÍA**

**Apartado resolutivo:**

- 1.- Acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 29 de xaneiro de 2016.
  - 2.- Aprobación definitiva da modificación dos estatutos do Consorcio Local dos Peares.
  - 3.- Ordenanza reguladora da utilización por terceiros das instalacións e centros culturais da Deputación Provincial de Ourense.
  - 4.- Delegación na Xunta de Goberno do exercicio da competencia para a fixación dos prezos públicos por utilización de instalacións e centros culturais da Deputación Provincial de Ourense.
  - 5.- Moción do BNG a prol dun centro de continuidade para nen@s con discapacidade física e psíquica en Ourense.
  - 6.- Aprobación definitiva do Programa de cooperación en materia de empregabilidade para o exercicio 2016.
  - 7.- Aprobación definitiva do Programa de cooperación en materia de mocidade para o exercicio 2016.
  - 8.- Moción de Democracia Ourensana relativa o redeseño da política de comunicación da Deputación Provincial de Ourense.
  - 9.- Programa provincial BenOurense de Asistencia Económica, Técnica e Xurídica aos concellos en materia de Servizos Sociais Comunitarios para o exercicio 2016.
  - 10.- Programa BenOurense Infancia para concesión de subvencións para puntos de atención á primeira infancia e servizos complementarios dependentes de corporacións locais para o exercicio 2016.
  - 11.- Moción do Grupo Socialista sobre axudas para instalacións e servizos públicos nos núcleos históricos da provincia.
  - 12.- Declaración institucional con motivo do 40º aniversario da proclamación da República Árabe Saharaui Democrática.
  - 13.- Mocións de urxencia.
- Apartado de control e fiscalización do goberno provincial**
- 14.- Dación de conta das seguintes relacións de decretos:
    - Presidencia: mes de xaneiro de 2016 e 1º adicional de xullo, 2º de agosto, 3º de

outubro e 1º de decembro de 2015.

- Deputado delegado de Facenda: mes de xaneiro de 2016 e 2º adicional de novembro e 1º de decembro de 2015.

- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de xaneiro de 2016.

- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de xaneiro de 2016.

15.- Rogos e preguntas.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente na data indicada. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,